

Administración Local

Municipal

Vilasantar

Aprobación definitiva do Regulamento de réxime interno de servizo de axuda no fogar do Concello de Vilasantar

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VILASANTAR. 2009

Marco xurídico aplicable.

A prestación do servizo de axuda no fogar realizarase por parte do Concello de Vilasantar de conformidade ao disposto en:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.
- A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- O Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria.
- A Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar.
- A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- O Real decreto 727/2007, do 8 de xuño, sobre criterios para determinar as intensidades de protección dos servizos e a contía das prestacións económicas da Lei 39/2006.
- A Orde do 17 de decembro de 2007, da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de compatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas no sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade autónoma de Galicia.

Artigo 1º. Obxecto e concepto.

O programa de axuda no fogar ten por obxecto prestarlles un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral a normalizadora ós/ás cidadáns no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñen limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia e evitando así a súa posible institucionalización.

O programa de axuda no fogar encádrase nos servizos sociais de atención primaria, que constitúen o nivel máis próximo aos/á usuarios/as e ao seu ambiente familiar e social, constituíndose como un dos elementos básicos do sistema de servizos sociais.

A axuda no fogar terá a consideración de prestación básica de servizos sociais de atención primaria inserta no sistema integrado de servizos sociais, de carácter complementario e transitorio, que non exime á familia das súas responsabilidades, con planificación, coordinación e control público, que a través de persoal cualificado e supervisado, presta, a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, unha serie de atencións e/ou coidados de carácter persoal, a persoas en situación de dependencia ou a familias e persoas con dificultades para procura-lo seu benestar físico, social e psicolóxico, proporcionándolle a posibilidade de continuar no seu entorno natural, mentres isto sexa posible e conveniente.

Garántese, en todo caso, o dereito do/a usuario/a á súa autodeterminación, respectando que poida gobernar e decidir a súa propia vida.

Artigo 2º. Obxectivos.

A prestación da axuda no fogar, polo seu carácter preventivo, socio-educativo, asistencial e integrador, persegue os seguintes obxectivos:

- Garantir os dereitos das persoas en situación de dependencia, nos termos sinalados na Lei 39/2006.
- Proporcionar a atención necesaria ás persoas dependentes, ou a persoas e/ou familias con dificultades na súa autonomía.
- Previr situacións de deterioro persoal e social.
- Favorecer a adquisición de habilidades que permitan un desenvolvemento máis autónomo na vida diaria.
- Posibilitar a integración no entorno habitual de convivencia.
- Apoiar a grupos familiares nas súas responsabilidades de atención.
- Fomentar cambios favorables na dinámica familiar.
- Evitar ou retrasar, na medida do posible, o ingreso en centros ou establecementos residenciais.
- Implicar aos/ás propios/as destinatarios/as do servizo na resolución da súa problemática persoal e/ou familiar.

Artigo 3º. Atencións que comprende o servizo

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais que en cada caso correspondan, poderán prestarse os seguintes tipos de atención:

1. Atencións de carácter persoal. Son aquelas que se dirixen especificamente ao usuario cando este non poida realizalas por si mesmo ou cando precise apoio para levalas a cabo. Son as seguintes:

- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como axuda para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda , se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión e administración, cando proceda, de tratamentos médicos e pequenas curas, prescritos por persoal facultativo.
- Axuda para levantarse e deitarse e apoio á mobilidade dentro do fogar.
- Compañía e actividades de ocio.
- Acompañamento fora do fogar para a realización de diversas xestións tales como visitas médicas, sociais, tramitación de documentos e outras análogas. Cando estea recollido no seu proxecto individual. As saídas fora do domicilio realizaranse con medios propios do usuario, de xeito que o/a auxiliar realice só funcións de acompañamento, non de traslado.
- Axuda para o manexo de correspondencia, teléfono e pequenas xestións.

2. Atencións de carácter doméstico, entendéndose como tales aquelas actividades e tarefas que se realicen de forma cotiá no fogar referidas a:

- Preparación de comidas axeitadas ao estado de saúde e necesidades do usuario.
- Compra de alimentos e outros útiles de uso común (aseo, limpeza, vestiario, etc) con cargo ao usuario.
- As tarefas de lavado de roupa, recollida e outras análogas.
- A limpeza básica e mantemento da hixiene do fogar.

Todas estas actuacións serán complementarias coas capacidades dos usuarios e doutras persoas do seu entorno inmediato.

Para a realización destas actuacións o usuario deberá dispor ou proveerse dos medios necesarios. No

seu defecto, os servizos sociais competentes poderán xestionar os recursos axeitados para que as ditas atencións poidan ser realizadas convenientemente, tales como servizo de comidas a domicilio, lavandería e determinados equipamentos.

3. Atencións de carácter psicosocial e educativo, referidas a intervencións técnico profesionais, formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade onde se desenvolva a vida do usuario, así como o apoio á estruturación familiar. Entre outras serían as seguintes:

- Soporte a familias con problemas relacionais ou de atención a menores en risco de exclusión.
- Asesoramento e formación de pais.
- Apoio na relación co entorno social.
- Educación nos hábitos alimenticios e de hixiene.
- Apoio na organización doméstica e de habilidades sociais.
- Aquelas outras que se valoren tecnicamente como realizables dentro do proxecto individual.

4. Atencións de carácter complementario, con carácter complementario o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros os seguintes tipos de atención:

- Teleasistencia e similares.
- Comida a domicilio.
- Lavandería a domicilio.
- Aquelas outras que se valoren tecnicamente como realizables dentro do programa.

Como norma básica, todas as accións desenvolvidas desde o servizo de axuda no fogar terán un carácter excepcional e complementario das capacidades do/a usuario/a e doutras persoas do seu ámbito inmediato. En ningún caso se prestarán atencións que o/a beneficiario/a ou a súa familia e/ou achegados poidan desenvolver por si mesmos, de xeito que se potencie ao máximo a súa autonomía.

En xeral non se realizarán as labores de: Limpeza de portais ou escaleiras comunitarias, labores de xardín e horta, alimentación e aseo de animais, limpeza de cristais en situación de risco, limpeza de teitos e paredes e de espazos no exterior da vivenda e todos aqueles que non vaian dirixidos a/o usuario/a do servizo, salvo que deban efectuarse segundo o criterio do técnico responsable do programa previa valoración da súa situación social e económica.

Artigo 4º. Persoas destinatarias

O servizo está dirixido, en xeral, a toda a poboación empadroada no Concello de Vilasantar, tendo carácter prioritario as persoas en situación de dependencia ás que se lles recoñecese o dito servizo/prestación ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2007, así como aos cidadáns e/ou unidades de convivencia que polas súas circunstancias persoais, físicas, psíquicas ou familiares, teñan limitada a súa autonomía persoal e/ou a súa capacidade de relación social, e que precisen dalgunha das atencións descritas no artigo 3, sempre e cando este sexa o recurso axeitado segundo a valoración dos profesionais dos servizos sociais de atención primaria.

Ás adxudicacións do servizo aplicaráselle o límite que necesariamente se desprenda de criterios de dispoñibilidade orzamentaria.

Con carácter xeral, os posibles usuarios serán:

- Persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia, en aplicación do establecido na Lei 39/2006 segundo o que se establece no seu Programa Individual de Atención, nos tempos e coas intensidades previstas.
- Familias ou persoas que presenten disfuncións que poidan ser susceptibles de mellora cunha

adecuada atención a domicilio.

- Persoas maiores ou persoas con limitación da súa autonomía, que co apoio do servizo de axuda no fogar poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas que teñen ao seu cargo, maiores ou persoas con discapacidades ou enfermidades crónicas e que precisen apoio para atendelas.
- Familias con menores aos que haxa que atender por circunstancias persoais ou sociais que afecten aos seus cuidadores que sexan suficientemente xustificadas.
- Colectivos específicos que presenten situacións de risco e exclusión social, ou teñan alto risco de padecelas.
- En xeral cando exista unha situación de desatención familiar ou persoal avaliada tecnicamente e que xustifique a intervención do servizo.

Non poderán ser usuarios/as do servizo:

- As persoas que presenten un estado de deterioro físico e/ou psicolóxico tal que provoque unha valoración técnica de internamento asistido en centro residencial.

Artigo 5º. Dereitos das persoas usuarias.

Os/as usuarios/as teñen dereito:

- A seren atendidos co máximo respecto á súa persoa e intimidade persoal e familiar.
- A recibir o servizo nos termos sinalados no contrato.
- A recibir información sobre a organización e regulamento do servizo.
- A recibir unha atención individualizada acorde ás súas necesidades específicas.
- A presentar queixas, suxestións ou reclamacións ante o persoal coordinador do servizo.
- Ao tratamento confidencial dos seus datos e a coñecer a situación do seu expediente.

Artigo 6º. Deberes das persoas usuarias.

Son obrigas dos usuarios/as:

- Respectar as condicións nas que se concedeu a prestación do servizo.
- Gardar respecto e facilitar a labor dos/as profesionais e, no seu caso, voluntarios/as.
- Informar dos cambios que se produzan na situación persoal, económica ou familiar que teñan relación coa prestación do servizo e que puidesen dar lugar á súa modificación, suspensión ou extinción.
- Participar no pagamento do servizo que corresponda segundo o previsto na ordenanza correspondente.
- Informar inmediatamente aos servizos sociais de aquelas enfermidades infecto-contaxiosas que sobreviñesen durante a prestación do servizo, co fin de adoptar as medidas necesarias de protección.
- Non esixir tarefas ou actividades non incluídas no programa individual de atención ou no proxecto de intervención.
- Comunicar coa antelación suficiente calquera ausencia temporal do domicilio que impida a prestación do servizo.

Artigo 7º. Competencia

O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo de competencia municipal que poderá prestarse mediante xestión directa ou indirecta, de conformidade cos modos de xestión previstos no artigo 85 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

O concello poderá establecer acordos con entidades para prestar o servizo, tal e como establece o artigo 154 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2 /2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Artigo 8º. Profesionais que interveñen no servizo.

O persoal que pode intervir no servizo de axuda no fogar estará composto por profesionais e, de ser o caso, voluntarios/as. En calquera caso intervirán no dito servizo o/a traballador/a dos servizos sociais de atención primaria e os/as auxiliares de axuda no fogar.

O mesmo carácter de profesional terán, no seu caso, os traballadores sociais da entidade xestora do servizo de ser o caso.

1. A/o traballador/a social de atención primaria corresponderanlle as seguintes funcións:

- a. A programación xeral do servizo.
- b. A coordinación do mesmo e dos recursos necesarios.
- c. As xestións para o seu financiamento.
- d. A difusión e información sobre o servizo.
- e. A organización da formación e reciclaxe do persoal.
- f. A recepción das demandas.
- g. A avaliación das necesidades.
- h. A proposta de concesión/denegación do/s servizo/s, así como a formulación de propostas da súa ampliación ou redución.
- i. A valoración da idoneidade do persoal.
- j. A programación de cada servizo en concreto.
- k. A estimulación para a autoaxuda e participación familiar.
- l. A coordinación dos diferentes axentes intervinientes.
- m. A asignación e supervisión de tarefas.
- n. A avaliación e seguimento dos casos atendidos.
- o. A coordinación do servizo con asociacións, institucións, profesionais e voluntariado.

2. No seu caso, Aos traballadores sociais da entidade xestora do servizo:

- a. Coordinación do servizo e dos recursos humanos necesarios.
- b. Supervisión e seguimento do servizo.
- c. Mantemento das canles de comunicación co/coa traballadora social de atención primaria.

3. Aos/ás auxiliares de axuda no fogar corresponderalles as seguintes funcións:

- a. Asistenciais, de atención persoal e doméstica, tanto co usuario como co seu entorno.
- b. De orientación/información en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- c. Educativas, potenciando o protagonismo do usuario/a, non substituíndoo en aquelas tarefas que poida realizar por si mesmo/a e facilitándolle as canles de comunicación co seu entorno.
- d. De colaboración co/a traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

4. No programa de axuda no fogar poderán intervir, a maiores, outros profesionais (educador/a familiar, psicólogo/a, animador/a sociocultural, ...), os cales intervirán para cada caso cunha programación específica, elaborada ao efecto, e debidamente coordinada polo/a traballador/a social,

con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo.

Tamén poderán tomar parte no servizo os/as voluntarios/as, entendendo por tales aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen expectativas de remuneración económica e dentro do programa de intervención correspondente, complementando de forma coordinada as funcións e tarefas do persoal anteriormente descrito. As tarefas que poderán desempeñar serán:

- a. Compañía dentro e fora do domicilio.
- b. Realización de xestións fora do domicilio (compra, receitas, xestións simples coa administración, ...).
- c. Ocupación do tempo libre (xogos, entretemento, reforzo escolar,...).
- d. Fomento de relacións.
- e. Calquera outra que, sendo acordada polo equipo responsable do/s servizo/s, non sexan necesariamente susceptibles de responsabilidade por parte de profesionais.

A tal fin estarase ao disposto na Lei 3/2000, de 22 de decembro, do voluntariado de Galicia e na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Artigo 9º. Procedemento de acceso ao servizo:

O servizo prestarase, con carácter xeral, de luns a venres, cun máximo de dúas horas diarias, no horario comprendido entre as 8:00 horas e as 20:00 horas e os sábados pola mañá, non sendo o sinalado de aplicación no caso de persoas con valoración da súa dependencia que teñan recoñecida a prestación de axuda no fogar, ao abeiro da Lei 39/2006, caso no que as prestacións, horarios e distribucións dos mesmos axustaranse ao plan de coidados. (podendo ser de luns a domingos).

En calquera caso, en situacións excepcionais, e previo informe social do/a traballador/a social, poderase ampliar tanto os días como as horas e o horario de prestación do servizo.

O acceso ao servizo tramitarase dende o departamento de servizos sociais que está na casa do concello de Vilasantar.

O procedemento para a concesión das prestacións iniciarase ben de oficio ou ben a instancia de parte.

A iniciación a instancia de parte levarase a cabo coa presentación, no rexistro de entrada do concello da solicitude de prestación do servizo, segundo modelo normalizado. Na solicitude, que irá asinada polo interesado/a ou o/a seu/súa representante legal, indicaranse as prestacións que solicitan, dentro das que ofrece o servizo de axuda no fogar.

Poderase iniciar de oficio a prestación do servizo, previa conformidade do interesado/a ou do seu/súa representante legal, cando a prestación estea recoñecida nun Programa Individual de Atención para as persoas con dependencia recoñecida polo órgano competente, ou cando existan especiais circunstancias de emerxencia social a xuízo do/a traballador/a social de atención primaria.

Ás solicitudes achegarase a seguinte documentación:

- Solicitude segundo modelo anexo I.
- Fotocopia do DNI, pasaporte ou NIE de tódolos membros da unidade de convivencia.
- Xustificante de ingresos económicos da unidade familiar (copia cotexada da última declaración da renda ou certificación negativa da AEAT no caso de non ter que presentala , pensións, nóminas, prestacións por desemprego, así como declaración xurada da totalidade de ingresos do beneficiario e dos restantes membros da unidade familiar.
- Certificado de empadramento e convivencia.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria.

- Informe médico segundo modelo anexo II.
- De ser o caso, certificado/s da súa discapacidade.
- Para persoas dependentes.: certificado de resolución do grao de dependencia, e/ou do PIA.
- Declaración xurada dos bens inmobles da súa titularidade (rústica e urbana) de tódolos membros da unidade familiar de convivencia xunto cos últimos recibos pagados.
- De ser o caso, contrato de aluguer da vivenda ou xustificante do préstamo hipotecario, e último recibo vencido.
- Autorización do/a solicitante para a domiciliación bancaria do cobro da taxa que se estableza na ordenanza aprobada ao efecto.
- Calquera que lle poida ser requirido coa finalidade de acreditar a súa situación de saúde, familiar, social e económica.

Se o escrito de iniciación non reunise os requisitos previstos anteriormente, ou si falta algunha da documentación sinalada, requirirase ao interesado/a para que, no prazo máximo de 10 días hábiles, achegue os documentos, con apercibimento de que de non facelo, entenderase que desiste da súa petición, arquivándose sen máis a súa solicitude previa resolución ditada nos termos do artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

Unha vez presentada a solicitude, e completada a documentación, será valorada polo técnico/a responsable do servizo, o/a cal emitirá informe baseado nos criterios de acceso ao servizo que se recollen no presente regulamento (anexo III). O/A traballador/a social poderá contactar co interesado para obter toda a información que considere precisa, requirindo a estes efectos ao/á interesado/a, coa advertencia de que, de non atender os mesmos, procederase conforme o disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, sempre e cando non sexa posible a valoración oportuna sen a dita información. O prazo para emitir o citado informe será de trinta días hábiles a contar desde o seguinte ao da presentación de toda a documentación.

No informe social, en función do cumprimento ou non dos requisitos e da dispoñibilidade ou non de prazas vacantes, deberá propoñerse a conveniencia ou non da alta no servizo, ou ben da incorporación á lista de espera, ocupando o posto correlativo en función da puntuación obtida. Así mesmo recollerá:

- Causas de denegación, de ser o caso.
- Tarefas a realizar.
- Horario, duración e intensidade do servizo.
- Achega económica que lle corresponde ao/s beneficiario/s.
- Cantas outros extremos estime convenientes.

Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo. Uns e outros teranse en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución.

Á vista do informe sinalado no parágrafo anterior, a alcaldesa resolverá a inclusión no servizo, a integración na lista de espera ou a denegación da mesma.

Dita resolución notificarase aos/ás interesados/as, cos requisitos e nos termos sinalados polos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Antes de proceder á alta no servizo de axuda no fogar será requisito indispensable a sinatura dun contrato de prestación do servizo segundo modelo normalizado(anexo IV), a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo, no que constarán as tarefas que se realizarán, os horarios e días de

asistencia, os dereitos e deberes do usuario, a achega económica deste e o prazo de concesión, sendo o prazo mínimo dun mes. No caso de que non se poida concretar o prazo utilizarase o termo “por determinar”. Así mesmo o/a usuario/a asinará o documento de domiciliación bancaria para que se lle efectúe o cobro do servizo prestado.

A alta no servizo deberá realizarse nun prazo máximo de quince días contados desde a notificación da resolución de alta.

O concello terá coñecemento en todo momento da xestión do servizo, ben a través da traballadora social, que en todo caso fará o seguimento do mesmo, ben a través da información subministrada polos/as traballadores/as sociais da empresa xestora, de ser o caso, e a supervisión que desta fagan os/as técnicos/as municipais.

Todo este procedemento poderá abreviarse cando unha situación reciba a consideración de urxente e inaprazable ao requirir unha resposta inmediata ou ser unha situación de risco, previo informe social e seguindo posteriormente o procedemento da súa tramitación ordinaria.

O contido da prestación, así como o tempo asignado, poderá ser modificado en función das variacións nas circunstancias que deron lugar á concesión inicial, así como pola dispoñibilidade de medios do servizo, mediante o procedemento descrito anteriormente.

Cando non sexa posible a atención de todas as solicitudes establecerase unha lista de espera, sendo incorporados á prestación por rigorosa orde de entrada e de puntuación segundo o baremo establecido para tal fin.

Artigo 10. Causas de extinción e modificación do servizo

Serán causas de extinción do servizo:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O seu ingreso definitivo nun centro residencial.
- c) O traslado de residencia a outro concello.
- d) A baixa no padrón de habitantes.
- e) O falecemento da persoa usuaria.
- f) A desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- g) As necesidades do servizo en relación á atención de casos que , a xuízo da traballadora social, sexa prioritaria a súa atención, por limitacións financeiras do servizo.
- h) O incumprimento das condicións establecidas no contrato de prestación do servizo ou no resente regulamento.
- i) O non pagamento das cotas durante dous meses consecutivos.
- k) A falla de colaboración do/a usuario/a ou da súa familia e/ou achegados para poder levar a bo termo as tarefas propostas.
- l) O deterioro psicofísico que faga recomendar o seu ingreso nun centro para unha correcta atención persoal.
- ll) O cambio do programa individual de atención cando o proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co SAF.
- m) Polo remate do tempo de concesión estipulado no contrato.
- n) Pola ocultación e/ou falseamento dos datos, por parte do usuario/a ou dos seus familiares.
- o) Porque o concello deixe de prestar o servizo.

Para a suspensión do servizo, iniciarase de oficio ou a instancia de parte debendo a traballadora

social elaborar un informe coas causas que a motivaron e elevará unha proposta de extinción que será resolta pola alcaldesa ou concelleiro en quen delegue e notificaráselle por escrito ao interesado nos termos que sinala a lei.

E se é a instancia de parte o usuario ou representante legal asinará o cese voluntario do servizo.

Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, a incoación por parte da entidade titular de servizo dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 11. Causas de suspensión temporal.

Serán causas de suspensión temporal:

- A estadia temporal no domicilio de familiares e/ou achegados que podan realizar o obxecto do servizo.
- A ausencia do fogar por parte do/a beneficiario/a durante un período superior a tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivaron a súa ausencia. En ámbolos dous casos deberá seguir aboando a cota correspondente como reserva de praza.
- Cando por necesidade do servizo fose preciso ampliar o número de usuarios/as e se consideren prioritarios outros casos en función da situación persoal, sanitaria e/ou económica, poderase proceder á modificación parcial ou á suspensión temporal.
- Modificación temporal das causas que motivaron a concesión do servizo.

Artigo 12. Criterios de organización

O servizo de axuda no fogar regularase polas seguintes normas, que deberán respectar tanto o beneficiario/a e as persoas do seu entorno coma os profesionais ou voluntarios que interveñan no programa:

- O/a auxiliar non traballará no domicilio en ausencia do/a usuario. Isto será de aplicación tamén no caso dos voluntarios/as.
- A actuación do/a traballador/a de axuda no fogar e, de ser o caso, dos voluntarios, axustarase estritamente ao proxecto tecnicamente establecido. A relación das traballadoras/es será directa co concello en non co usuario/a.
- Calquera queixa ou suxestión que os prestadores do servizo reciban do usuario deberán poñela en coñecemento do/a técnico/a responsable, sen intervención do usuario.
- Cando pola boa organización do servizo fose necesario realizar un cambio no horario ou unha substitución da traballadora poderá realizarse sen intervención ningunha do usuario, estando vixente igualmente o contrato.
- A atención establecida non pode interferir nin limitar o dereito do/a beneficiario/a á súa intimidade. En consecuencia, o/a traballado/r familiar non poderá acompañarse de ningunha persoa allea ao servizo cando acceda ao seu traballo, e gardará en todo momento o respecto e sixilo profesional sobre os casos asignados; así mesmo, o/a usuario/a deberá gardar o debido respecto ao/á traballador/a, non indagando na súa intimidade.
- Serán de conta do/a usuario/a todos os gastos de limpeza, comida, aseo, ..., podendo valorarse, non obstante, a xestión dunha axuda económica por tales conceptos en casos especiais, non tendo en caso ningún a consideración de prestación do servizo de axuda no fogar.
- Ao/á traballador/a familiar non lle está permitido recibir en custodia diñeiro, xoias nin obxecto

ningún. Así mesmo deberá rexeitar calquera doazón (ben sexa en diñeiro ben calquera outra) efectuada polo/a usuario/a ou persoa achegada.

- O/a traballador/a familiar no dispoñerá das chaves de ningún domicilio, excepto cando as condicións do caso así o esixan e sempre co consentimento do responsable técnico directo do servizo e, por suposto, a demanda do usuario.
- Os/as usuarios/as absteranse en todo momento de facer comentario algún acerca da vida persoal ou modo de actuar da traballadora fora do horario laboral no que se atende podendo ser este motivo suficiente para causarlle a baixa inmediata no servizo.
- Queda a criterio do persoal técnico do servizo de axuda no fogar o reforzar con persoal de apoio (outro/a traballador/a máis, voluntariado, etc) ao/á traballado/ra familiar asignada para o caso nese momento.
- Cando o/a usuario/a non se atope no domicilio no horario fixado para a súa atención, o/a traballador/a familiar non ten obriga de permanecer a espera.
- O/a traballador/a familiar axustará as súas tarefas exclusivamente as detalladas no contrato asinado polo usuario.
- Cando un/ha usuario/a queira modificar algún aspecto do seu contrato deberá acudir ao/á responsable do servizo de axuda no fogar a efectos da formulación dun novo.
- Cada usuario/a estará obrigado/a ao pago da contía que se fixe, que deberá aboar mensualmente, para iso poderá asinar a autorización bancaria no modelo que se lle proporcione. Dita tarifa calcularase en función dos ingresos económicos familiares.
- As tarifas sufrirán unha revisión anual estando obrigado o/a usuario/a a actualizar a documentación pertinente que cada mes de xaneiro se lle solicitará.
- Cando o/a auxiliar do servizo non poida prestalo por determinadas razóns (como baixa por enfermidade, motivos persoais, ou outras) intentarase cubrir a súa ausencia: ou ben cun/ha traballador/a cualificado/a contratado/a para atende-lo servizo con carácter temporal, ou con outro/a auxiliar que xa estea traballando, polo que o/a traballador/a social poderá decidir que durante ese período de tempo, o servizo se preste noutro horario diferente.
- Cando sexa o/a usuario/a quen decida non cubrir a atención nos casos de ausencia do/a traballador/a familiar asignada, non se practica desconto algún.
- Se con anterioridade ao 15 de xuño se comunica por escrito o desexo de suspensión do servizo durante o período de vacacións (xullo, agosto ou ambos meses) reservaráselle a praza ata o 1 de setembro, sen custo ningún.
- Os servizos prestaranse unicamente no domicilio.

Artigo 13. Financiamento.

O servizo de axuda no fogar financiarase con cargo a:

- Ás subvencións e/ou achegas da comunidade autónoma de Galicia, distinguindo entre as achegas xerais para o servizo, a través do plan concertado ou outras, que financiarán os casos non derivados da Lei de Dependencia, e as achegas destinadas a garantir o dereito das persoas en situación de dependencia, as cales financiarán só estes casos e suporán un límite orzamentario para a prestación dos servizos a este tipo de usuarios/as.
- Coas achegas da Deputación Provincial para o dito fin.
- Cos recursos propios do concello.
- Coa participación dos/as usuarios/as na forma establecida na ordenanza fiscal do prezo público do servizo.

Terase en conta, o indicado respecto ao copago para persoas coa cualificación de dependencia segundo vaia sendo publicado.

Artigo 14. Modalidades de acceso ao servizo

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, previa prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecido na presente Orde e, se é o caso, na correspondente Ordenanza Municipal.
3. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socio-educativos.

Artigo 15. Criterios para a concesión.

Os criterios de concesión do servizo basearanse no baremo de puntuación que de seguido se xunta nos anexos (anexo V) e que servirá para a valoración dos casos e a súa admisión ou non no servizo e/ou a inclusión na lista de espera. O dito baremo non será de aplicación aos/ás usuarios/as que accedan ao servizo como consecuencia da aprobación por órgano competente dun Programa Individual de Atención, en aplicación do establecido na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, os/as cales accederán ao servizo directamente, nos termos recoñecidos no dito Programa Individual de Atención, sempre e cando exista dispoñibilidade orzamentaria.

Este baremo contempla os seguintes aspectos: a autonomía persoal para a realización das actividades da vida diaria, a situación social, económica e familiar da unidade de convivencia e outros factores como: vivenda, gastos fixos, existencia de familiares que lle poidan axudar e outros.

Artigo 16. Soporte documental

Para levar a cabo a prestación deste servizo é preciso dispoñer dun soporte documental, que para o caso é o seguinte:

- Impreso- instancia de solicitude.
- Impreso para o baremo para valorar a situación social, económica e familiar.
- Impreso de domiciliación bancaria.
- Informe social-proposta técnica de resolución.
- Resolucións de concesión e denegación do servizo.
- Contrato entre usuario e concello sobre tarefas a realizar.
- Ficha de usuario.
- Proxecto de intervención.

– Impreso-instancia de baixa voluntaria.

Disposición Adicional

O servizo de axuda no fogar adaptarase en todo momento á normativa vixente en materia de servizos sociais, así como á normativa nacional e autonómica en torno ao sistema nacional de dependencia, procedendo este concello á adaptación do presente regulamento de verse afectado polas modificacións substanciais que se produzan.

Disposición derogatoria

O presente regulamento derroga o regulamento anterior da prestación do servizo de axuda no fogar, aprobado en sesión realizada o 23 de outubro de 1998, e publicada no BOP nº 38, de 17 de febreiro de 1999.

Disposición final.

O devandito regulamento, entrará en vigor unha vez publicado no BOP e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da citada Lei 7/1985, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte.

Anexo I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA PERSOIA REPRESENTANTE OU CARIADOR DE FEITO

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACION LABORAL

SOLICITO: H Á SEMANA, para

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se anexan á verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Vilasantar para que realice as consultas necesarias de ficheros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Vilasantar (BOP nº de de 2008) - Ordenanza fiscal do. Idem..., de.....de 200... SINATURA DO SOLICITANTEOU REPRESENTANTE LEGAL Aado.:
---	---

Sra. alcaldesa - presidenta do concello de Vilasantar

Anexo I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA PERSOIA REPRESENTANTE OU CARIADOR DE FEITO

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACION LABORAL

SOLICITO: H Á SEMANA, para

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se anexan á verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Vilasantar para que realice as consultas necesarias de ficheros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

LEGISLACIÓN APLICABLE - Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Vilasantar (BOP nº de de 2008) - Ordenanza fiscal do. Idem..., de.....de 200... SINATURA DO SOLICITANTEOU REPRESENTANTE LEGAL Asdo.:
---	--

Sra. alcaldesa - presidenta do concello de Vilasantar

Anexo I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA PERSOIA REPRESENTANTE OU CARGADOR DE FEITO

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACION LABORAL

SOLICITO: H Á SEMANA, para

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se anexan á verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Vilasantar para que realice as consultas necesarias de ficheros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

LEGISLACIÓN APLICABLE - Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Vilasantar (BOP nº de de 2008) - Ordenanza fiscal do. Idem..., de.....de 200... SINATURA DO SOLICITANTEOU REPRESENTANTE LEGAL Aado.:
---	---

Sra. alcaldesa - presidenta do concello de Vilasantar

Anexo I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA PERSOIA REPRESENTANTE OU CARIADOR DE FEITO

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACION LABORAL

SOLICITO: H Á SEMANA, para

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se anexan á verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Vilasantar para que realice as consultas necesarias de ficheros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

LEGISLACIÓN APLICABLE - Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Vilasantar (BOP nº de de 2008) - Ordenanza fiscal do. Idem..., de.....de 200... SINATURA DO SOLICITANTEOU REPRESENTANTE LEGAL Aado.:
---	--

Sra. alcaldesa - presidenta do concello de Vilasantar

Anexo I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA PERSOIA REPRESENTANTE OU CARIADOR DE FEITO

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACION LABORAL

SOLICITO: H Á SEMANA, para

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se anexan á verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Vilasantar para que realice as consultas necesarias de ficheros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

LEXISLACIÓN APLICABLE - Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Vilasantar (BOP nº de de 2008) - Ordenanza fiscal do. Idem..., de.....de 200... SINATURA DO SOLICITANTEOU REPRESENTANTE LEGAL Aado.:
---	--

Sra. alcaldesa - presidenta do concello de Vilasantar

Anexo I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA PERSOIA REPRESENTANTE OU CARIADOR DE FEITO

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACION LABORAL

SOLICITO: H Á SEMANA, para

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se anexan á verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Vilasantar para que realice as consultas necesarias de ficheros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

LEXISLACIÓN APLICABLE, de.....de 200...
- Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Vilasantar (BOP nº de de 2008)	SINATLRA DO SOLICITANTEOU REPRESENTANTE LEGAL
- Ordenanza fiscal do. Idem...	Aedo.:

Sra. alcaldesa - presidenta do concello de Vilasantar

Anexo I

SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA PERSOIA REPRESENTANTE OU CARGADOR DE FEITO

NOME E APELIDOS:	DNI:
ENDEREZO:	TELÉFONOS: Fax: Móbil:

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	PARENTESCO	SITUACION LABORAL

SOLICITO: H Á SEMANA, para

DECLARO:

Que toda a información que figura nesta solicitude e nos documentos que se anexan é verdadeira, non existindo omisión de datos e que autorizo ao concello de Vilasantar para que realice as consultas necesarias de ficheros públicos para os efectos de comprobar a veracidade dos datos declarados.

LEXISLACIÓN APLICABLE, de.....de 200...
- Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do concello de Vilasantar (BOP nº de de 2008)	SINATURA DO SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL
- Ordenanza fiscal do. Idem...	Aedo.:

Sra. cidadáns - presidenta do concello de Vilasantar

Anexo V-B

B.-OUTROS CASOS VALORACIÓN AUTONOMIA PERSOAL (SEGUNDO O INFORME MÉDICO ANEXO II)

Total puntos autonomía persoal _____

FACTOR-2: APOIO SOCIAL (máximo total 20 puntos)

Puntos

A persoa vive soa e carece de familiares e/ou redes distintas de apoio (20 puntos) _____

persoa vive soa, carece de familiares e só ten apoio do contorno veciñal ou outras redes (18 puntos) _____

A persoa convive con persoa sen capacidade para atendelo (ata 12 puntos):

Cunha persoa maior de 70 anos (3 puntos)

Cunha persoa con discapacidade ou dependencia (3 puntos)

Cunha persoa que carece de tempo (3 puntos)

Con incapacidade para organizarse (3 puntos)

Os familiares néganse a atendelo/a aínda que teñan posibilidades (8 puntos)

Vive só/soa pero hai familiares con posibilidade de atendelos no mesmo concello ou a menos de 20 km (5 puntos)

Está ben atendido (0 puntos)

Total puntos apoio social

FACTOR-3: SITUACIÓN FAMILIAR/SOCIALIZACIÓN MENORES (máximo total 20 puntos)

3.1. Conflito (máximo total 4 puntos)

Puntos

Cun membro xerador de conflito de nivel moderado (1 punto)

Cun membro xerador de conflito de nivel grave (2 puntos)

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel moderado (3 puntos)

Con máis dun membro xerador de conflito de nivel grave (4 puntos)

3.2. Limitacións de rol (máximo total 2 puntos)

Puntos

Familias nas que ambos proxenitores ou titores teñan importantes limitacións físicas ou psicolóxicas para proporcionar unha axeitada atención aos menores (2 puntos)

3.3. Monoparentalidade (máximo total 2 puntos)

Puntos

Familias monoparentais que por distintas circunstancias (saúde, traballo, idade avanzada...) non poidan atender aos menores (2 puntos)

3.4. Habilidades parentais (máximo total 2 puntos)

Puntos

Familias con escasas habilidades parentais (carencia de hábitos alimenticios, aseo

persoal, administracións do orzamento, ausencia de roles, organización...) (2 puntos)

3.5. Número de menores (máximo total 10 puntos)

Puntos

Un menor (3 puntos)

Dous menores (5 puntos)

Tres menores (7 puntos)

Catro ou máis menores (10 puntos)

Total puntos situación familiar/socialización menores

FACTOR-4: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS (máximo total 20 puntos)

4.1. Vivenda (total 10 puntos)

Puntos

Non hai luz eléctrica (1 punto)

Non hai auga corrente (1 punto)

Non posúe WC (1 punto)

Non posúe cuarto de baño completo (1 punto)

Anexo V-C

Puntos

Non ten neveira (1 punto)

Non ten quentador (1 punto)

Non ten lavadora (1 punto)

Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto)

Existen barreiras arquitectónicas no interior da vivenda (1 punto)

Existen barreiras arquitectónicas no exterior da vivenda (1 punto)

4.2. Integración no contorno (total 10 puntos) Puntos

Situación de illamento ou de rexeitamento (10 puntos)

Ausencia de relacións sociais (6 puntos)

Existen escasas relacións coas persoas do contorno (4 puntos)

Integración axeitada no contorno (0 puntos)

Total puntos outros aspectos sociais

TOTAL XERAL

FACTOR-5 SITUACIÓN ECONÓMICA

A puntuación neste apartado obterase da seguinte maneira, a menor renda, maior puntuación; así, beneficiarase antes a persoa que teña ingresos precarios e careza de patrimonio ou só posúa a súa vivenda habitual exclusivamente.

Para o suposto de que xurdan dúbidas na relación coa prestación do Servizo de Axuda no Fogar ou se dean situacións non contempladas entre as previsións contidas nos artigos precedentes, queda atribuída á Alcaldía a resolución de tales dúbidas ou situacións, previo Informe Social da traballadora social.

Neste apartado a puntuación máxima será de 10 puntos e mínimo de 5 puntos, e corresponderá claramente cos ingresos totais obtidos pola unidade familiar e que está reflectida na Ordenanza Fiscal.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA A DOMICILIO DO CONCELLO DE VILASANTAR.

Artigo 1º.- Obxecto.

De conformidade co previsto nos artigos 57 e 20, apartados 1,2, 4 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co que dispoñen os artigos 15 e 19 do citado texto legal da Lei 13/2008, de 18 de decembro servizos sociais de Galicia, e da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, ámbalas dúas da Xunta de Galicia, este Concello establece a taxa polo servizo de axuda no fogar especificado nas tarifas comprendidas no artigo 3º que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2º.- Obrigados/as ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os usuarios do servizo de axuda no fogar que presta este Concello e os que exerzan a patria potestade ou a tutela das persoas incapacitadas legalmente. Segundo se establece nas tarifas seguintes.

Para determinar a capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas convivintes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións sociais, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. Teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión que se revisarán anualmente para a actualización da información. Tendo obriga o usuario de notificar calquera modificación das súas circunstancias económicas.

Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

Artigo 3º.- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias.

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo.

Para os demais casos a contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

TÁBOA DE COPAGAMENTO DE AXUDA NO FOGAR ADAPTADO AO ARTIGO 18 DA NOVA ORDE

INGRESOS EN RELACIÓN AO IPREM	DESDE	ATA	COPAGAMENTO	
Entre o 100% e o 150%	527,24	790,86	10%	1€/h
Entre o 150% e o 200%	790,86	1.054,48	12%	1,20€/h
Entre o 200% e o 250%	1054,48	1.318,10	15%	1,5€/h
Entre o 250% e o 300%	1.318,10	1.581,72	20%	2€/h
Entre o 300% e o 350%	1.581,72	1.845,34	28%	2,8€/h
Entre o 350% e o 400%	1.845,34	2.108,96	37%	3,7€/h
Entre o 400% e o 450%	2.108,96	2.372,58	45%	4,5€/h
Entre o 450% e o 500%	2.372,58	2.636,20	60%	6€/h
> 500%	2.636,20		65%	6,5€/h

Sen prexuízo do establecido na táboa anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar, a exclusión social e a pobreza infantil.

Artigo 4º.- Base imponible.

Establécese como prezo inicial do servizo para o ano 2009 aos efectos de cobro de taxas, o de 10 € euros/hora revisables anualmente segundo o índice anual de prezos ó consumo.

Artigo 5º. Devengo e período impositivo.

A taxa devengarase cando se inicie a prestación do servizo.

Artigo 6º. Réxime de declaración e ingreso.

A taxa liquidarase por meses naturais, debéndose proceder ao seu ingreso nos primeiros 5 días naturais do mes , mediante domiciliación bancaria que será obrigatoria.

Artigo 7º. Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003 , de 17 de decembro , xeral tributaria.

Disposición Adicional Única

As modificacións que se introduzan na regulación do establecido nesta ordenanza pola Lei de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Derrogatoria única

A partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza fiscal quedará derogada a ordenanza fiscal nº8, reguladora do prezo público pola recepción de traballos asistenciais de axuda no fogar, publicada definitivamente no BOP nº 61 de 14/03/1996.

Disposición Derradeira

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno do Concello de Vilasantar en sesión realizada o 18 de marzo de 2.009 e modificada en sesión extraordinaria do 13 de maio de 2009 e entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985 , de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local. No caso de modificación parcial desta ordenanza fiscal os artigos non modificados continuarán vixentes, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A ALCALDESA,

Asdo.Manuela García Freire.

2009/10431